

Desobediencia civil

Consiste en **resistirse a unha norma obligada polo Estado** que o pobo considera ilexítima. O obxectivo pode ser **desacreditar a norma ante a opinión pública** ata que o goberno se retracte, **ou ben facela directamente estéril**, xa que nalgúns casos as normas non se poden realizar por falla de participación da cidadanía. Esta oposición pode facerse dun xeito manifesto ou disimulado, organizándose nun acto colectivo ou pola suma de moitos actos individuais.

Así por exemplo, cando en 1955 a muller afroamericana **Rosa Parks** refusou **cederlle o seu asento de autobús a un home branco** realizou un acto de desobediencia civil, que despois tivo eco por tódolos EE.UU.



Rosa Parks.



O autobús nº 2857 no que viaxaba Rosa Parks antes da sua detención é agora unha peza de museo.

XURO NON ACATAR O REAL DECRETO 16/2012

Apoia a obxeción do persoal sanitario. Firma en WWW.DERECHOACURAR.ORG



Outro exemplo máis recente, é a campaña **"Dereito a curar"** de "Médicos do Mundo en España", que chama ao persoal do sistema sanitario público a **seguir atendendo as persoas sen permiso de residencia**: facendo así estéril o Real Decreto 16/2012 que deixa sen atención sanitaria a este colectivo dende o 1 de setembro de 2012.

Cartaz promocional da campaña "Dereito a curar".

"Se ti es neutral en situacións de inxustiza, escolles o lado do opresor."

Desmond Tutu

GUSTARÍACHE QUE AS COUSAS CAMBIASEN?

PERO...

...REALMENTE CRES QUE AS COUSAS PODEN CAMBIAR POR SI SOAS?

Tí, coma calquera outra persoa, es "un animal político", vives en sociedade e só mediante a túa asociación con outras persoas poderás facer que as cousas cambien para ben... para o teu ben e o dos teus iguais.

Na actualidade vivimos nun mundo moi complexo, con moita xente que desexa cousas moi diversas. Unhas teñen o poder de realizaras e outras quedan co simple desexo de facelo.

Pola contra, o actual sistema político, a monarquía parlamentaria, é moi sinxelo: ciclicamente hai un chamamento ás urnas para escoller uns poucos delegados políticos. **O ideal dese sistema é que os delegados políticos realicen os deseños dos seus electores... pero, realmente cres que é así?**

Incluso unha constitución tan obsoleta como a do estado español recoñece que **"os cidadáns teñen dereito a participar nos asuntos públicos, directamente ou por medio de representantes"** e que **"tamén teñen dereito a acceder en condicións de igualdade ás funcións e cargos públicos"** pero na realidade o sistema electoral español e as estruturas económicas que o definen imposibilitan a "participación directa" e maila "igualdade de condicións". En xeral, o sistema político español está en mans duns poucos partidos que defenden os intereses das súas xerarquías por riba dos dos seus electores.

- Os cargos políticos están ocupados por individuos de calquera orixe social ou pola contra predomina algunha clase?
- Por que en España non hai máis procesos de participación política directa como referendos, plebiscitos, iniciativas lexislativas populares,...?
- Cres que os partidos políticos teñen un funcionamento interno democrático?
- Coñeces como se financian os partidos políticos?
- Cres que é un sistema axeitado?

**O VOTO NON É O ÚNICO XEITO DE PARTICIPAR POLÍTICAMENTE!
EXISTEN OUTRAS FORMAS DE PARTICIPACIÓN**

Folga

Consiste en **non realizar voluntariamente un acto “habitual”** ata acadar que o conxunto da sociedade atenda á nosa reivindicación. A reivindicación pode non estar directamente relacionada coa actividade paralizada. O obxectivo dos diversos tipos de folgas é **mostrar a interdependencia (moral e material) de tódolos membros dunha sociedade.**

Un tipo de folga extremo é a **folga de fame**, como a de 28 días sostida na primavera de 2012, por un milleiro de presos palestinos ata que conseguiron que Israel suspendese as detencións ilegais indefinidas.



Familiares dos presos palestinos en folga de fame manifestanse contra o réxime de detención administrativa argallado polo estado israelí.



Outro tipo de **folga** é a **xeral**, como a próxima do **14 de Novembro**, formulada como unha **folga de traballo, social e de consumo en España, Portugal, Grecia, Malta e Chipre**, contra a vaga de recortes dos dereitos sociais e laborais.

Cartaz da folga xeral do 14 de Novembro de 2012

“As manifestacións coloridas e as marchas de fin de semana son vitais, pero por si soas non son o suficientemente potentes coma para deter as guerras. As guerras deteranse únicamente cando os soldados négusense a loitar, cando os traballadores négusense a cargar armas nos buques e aeronaves, cando a xente boicotee os postos de avanzada do imperio económico que se estenden por todo o mundo.”

Arundhati Roy, escritora e activista india.

Participación político-institucional

Consiste en **participar nos procesos políticos e administrativos instituídos no noso sistema** e cultura (iniciativa lexislativa popular, alegacións, denuncias,...). O obxectivo pode ser o mesmo explicitado no proceso pero tamén pode ser outro distinto, de tal xeito que a nosa participación no proceso sexa un instrumento.

Un exemplo de participación directa é o caso do barrio do Cabanyal de Valencia: onde en 1999 o colectivo **“Salvem o Cabanyal”** presentou 110.380 alegacións ao plan urbanístico até que conseguiu que o Tribunal Supremo obrigara ao Concello de Valencia detivese a demolición do seu barrio.

Marcha dos veciños do Cabanyal.



Un exemplo de participación instrumental foi o uso do dereito a asistir aos plenos do Concello de Vigo que fixeron as traballadoras da limpeza das escolas públicas no 2010-11, cando moitas delas sufrieron despidos improcedentes. Asistiron a varios plenos, pero non co propósito de escutar outros asuntos municipais, senón para reclamar que o seu fose escutado.

Traballadoras da limpeza das escolas públicas nunha concentración.

**MOBILIZAR + CONVERXER + CONSTRUIR
PENSA + ACTÚA + ORGANÍZATE**

ECOAR)))
PLATAFORMA VIGO

Espazo de (Contra)discurso, Construción e Coordinación de Alternativas e Resposta Social

<http://joindiaspora.com/people/c4e458a4fee4adf0>

<http://n-1.cc/pg/profile/ecoar>

CANDO O LEAS, NON O TIRES, PÁSAO!!!